

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

*RESOLUCIÓN do 22 de marzo de 2023 pola que se aproba e fai pública a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para o acceso á escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos.*

Mediante a Resolución reitoral do 19 de abril de 2022 (DOG do 3 de maio de 2022 e BOE do 22 de febreiro de 2023), convocáronse probas selectivas para cubrir catorce (14) prazas na escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, subgrupo C1, pola quenda de acceso libre. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes,

**RESOLVO:**

Primeiro. Declarar aprobada e facer pública a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ás citadas probas pola quenda de acceso libre.

Segundo. Indicar que a citada listaxe provisional está exposta no taboleiro electrónico da USC e na web:

<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

Terceiro. As persoas aspirantes excluídas ou que non figuren na relación de admitidas dispoñen dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para poder emendar os defectos que motivasen a exclusión ou a omisión.

Cuarto. Para emendar a exclusión ou omisión cubrirase o formulario de emendas do catálogo de procedementos na seguinte ligazón:

<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/emendaSelecPersoalFuncionario.htm>

Quinto. As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas da realización das probas.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2023

Antonio López Díaz  
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

